



Benqueridas familias:

O vindeiro venres 17 de febreiro celebraremos o Entroido. Unha nova experiencia na que buscamos a **colaboración** de toda a Comunidade Educativa e, sobre todo, a **seguridade e o benestar dos nosos/vosos cativos e cativas**. Por tal motivo, **pregámosvos que colaboredes connosco respectando estas indicacións:**

- Os nenos e nenas sairán da escola cos seus mestres e mestras ás **10:30** horas pola **rúa Ufas** (entrada de Educación Infantil)
- Un pequeno grupo de voluntarios da ANPA colaborará na organización das comparsas.
- As comparsas desfilarán ocupando a beirarrúa.
- As **familias** situarédesevos a modo de “cordón sanitario” en ringleira, **seguindo a liña marcada polas árbores da beirarrúa**.
- Os cativos e cativas precisan as súas rutinas. Séntense ben dentro do grupo, coa súa profe. **Na medida do posible, procurade non achegarvos ó grupo**. Algúns rapaces e rapazas poden chorar ou pasalo mal ó vervos.
- A metade de camiño faremos un descanso-encontro da Comunidade educativa. Cantaremos as coplas e gritaremos os nosos berros do Entroido. [Convidámosvos a cantar e a berrar connosco](#).
- **Respectade os espazos reservados** para as familias na praza.

- Rematado o acto, o alumnado de 3 anos regresará á escola polo mesmo camiño.
- O resto do colexio continuaremos a volta á manzana, e entraremos pola rúa Pedra Seixa.
- De volta ó colexio **os cativos e cativas continuarán a festa coas súas merendas de Entroido.**

Moitas grazas pola vosa colaboración.